

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **3 de decembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

5.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO- FASE 1. EXPTE. 2619/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03/12/14, do secretario da Mesa de Contratación que di o seguinte:

“A Mesa de Contratación celebrada o 3 de decembro de 2014, entre outros, acordou:

- a) Procedemento aberto para a contratación das obras da rúa Rosalía de Castro Fase 1. (expediente 2619-440).*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 14-11-2014, 17-11-2014, 21-11-2014, 24-11-2014, 26-11-2014, 27-11-2014, 02-12-2014 e 03-12-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento de 20-11-2014, 21-11-2014, 26-11-2014 e 03-12-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras da rúa Rosalía de Castro Fase 1. (expediente 2619-440), no seguinte orde decrecente:

1	ORECO, S.A.	93,07
2	COPCISA, S.A.	87,77
3	PETROLAM, A VEIGA, S.L.	85,31
4	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	84,86
5	UTE UNIKA, PROYECTOS Y OBRAS, SAU. - OVIGA.	84,79
6	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	82,23
7	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA – OGMIOS PROYECTO, S.L.	81,69
8	CIVISGLOBAL, S.L.	81,68
9	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	80,75
10	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	77,42
11	EXTRACO, S.A.	76,87
12	UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU – FERROVIAL AGROMAN, S.A.	75,89
13	DESMACO, S.L.	75,52
14	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, SLU.	75,46
15	DRAGADOS, S.A.	74,07
16	ORESA, S.A.	73,26
17	CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.	72,86
18	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.	71,57
19	HORDESCON, S.L.	52,68
20	ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A.	46,73
21	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	41,56

22	EMERGIS CONSTRUCCION, S.L.	35,32
23	ARCEBANSA, S.A.	28,87

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 695,88 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a tres de decembro do ano dous mil catorce.

rs

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.